

GUÍA DIDÁCTICA

“Mesma música, distinto son”



- **Autor:** Iván Suárez Prada
- **Materia:** Educación Musical
- **Nivel:** 5º curso de Educación Primaria

ÍNDICE

Contextualización	3
Aspectos xerais.....	3
Unidades didácticas	3
Unidade didáctica 1- “A música e as cores”	4
Unidade didáctica 2- “Cóntame un conto, e verás que contento”	6
Unidade didáctica 3- “Mans a obra”	9
Unidade didáctica 4- “Si-la-BAND-do”	12
Unidade didáctica 5- “O corpo como instrumento”	15
Unidade didáctica 6- “Expresión corporal”	18
Unidade didáctica 7- “Son por un tubo”	21
Unidade didáctica 8- “Unha de piratas”	25
Unidade didáctica 9- “Sóame a chino”	28

Contextualización

O presente documento é unha guía didáctica na que se expoñen os aspectos educativos más salientábeis do proxecto “**Mesma música, distinto son**”, elaborado como material dixital para o repositorio ABALAR. Primeiro abordaremos cuestións xerais comúns a tódalas unidades didácticas que compoñen o recurso, e finalmente trataremos aspectos estruturais concretos dentro de cada unha delas (obxectivos didácticos, metodoloxía, competencias clave, avaliación e recursos materiais).

Aspectos xerais

Trátase dun proxecto de investigación e innovación educativa, que pretende recopilar os métodos pedagógicos más extendidos no ámbito musical e deseñar propostas concretas que permitan levalos a práctica en forma de actividades dentro de cada unidade didáctica. A finalidade é promover un achegamento teórico e práctico sobre as principais correntes didácticas de ensino-aprendizaxe musicais por parte dos docentes, ao mesmo tempo que se exemplifican propostas didácticas relacionadas con cada metodoloxía para levar a cabo co alumnado. Como resultado, cada unha das unidades que conforman o proxecto proporá diferentes recursos didácticos ao mesmo tempo que se concreta unha contextualización metodolóxica para trasladar estas propostas á aula.

O proxecto comporase de nove unidades didácticas (UD1-UD9), que albergarán diferentes propostas metodolóxicas de autor, especificadas en detalle en cada unha delas xunto coa elaboración dos materiais guía que se traballarán en cada caso.

O obxectivo xeral do proxecto é promover que tanto o alumnado coma o profesorado coñezan diferentes plantexamentos e formas de entender esta disciplina artística, identificar os métodos de aprendizaxe traballados e poder desenrolar as súas propias estratexias nun futuro na elaboración de materiais didácticos coa posta en práctica dunha metodoloxía variada e enriquecedora.

O nivel de ensinanzas o que vai dirixido é quinto curso de educación primaria (5º EP), xa que o tratarse dun dos últimos cursos desta etapa educativa contan cun bagaxe cultural e uns coñecementos previos importantes que permitirán unha asimilación significativa dos contidos e unha interiorización e interconexión efectiva dos mesmos.

Unidades didácticas

Nesta epígrafe detállanse os aspectos curriculares relativos a cada unha das unidades didácticas que compoñen o proxecto.

Unidade didáctica 1- "A música e as cores"

Introdución

Esta é a primeira das unidades que componen o proxecto, na que investegaremos a fondo sobre unha das catro calidades que presenta o son: a altura. Faremos unha viaxe guiada pola composición das ondas sonoras, a súa dirección e variación de frecuencia orixinando sons agudos ou graves, e deterémonos a realizar actividades interactivas relacionadas coa escucha activa e os emparellamentos sonoros .

Obxectivos didácticos

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes obxectivos didácticos:

- Identificar a altura como unha das cualidades do son.
- Comprender a relación existente entre a altura do son e a súa discriminación en agudo ou grave.
- Establecer unha relación directa entre a altura do son e a composición e ordenación das notas da escala musical.
- Coñecer o método dos "sonocolores" como unha aproximación a lectura musical non convencional.
- Realizar diagramas pancromáticos mediante a escucha e a discriminación auditiva en base a un estímulo sonoro.
- Comprender a importancia do metrónomo, ferramenta musical empregada para establecer a velocidade do tempo na música.
- Empregar as TIC como ferramenta educativa a través de plataformas en abierto relacionadas coa proposta didáctica.
- Adaptar un instrumento musical existente empregando o método dos sonocolores.
- Coñecer, valorar e interpretar obras de estilos musicais e épocas diversas: 9º Sinfonía de Beethoven ("Oda a la alegría"- adaptación).

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

A continuación se detallan os métodos pedagóxicos empregados especificando o autor e as actividades que os integran:

- **Diagrama pancromático** (E. Willems)- "A música é un tobogán"
- **Emparellamentos sonoros e discriminación auditiva** (M. Martenot)- "A escala musical"
- **Sonocolores** (S. Aschero)- "A música e as cores"
- **Orquestra Escolar Orff** (C. Orff)- "Tocamos usando as cores"

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacóns de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución de espazos...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxes musical.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas.
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

Avaliación

O procedemento de avaliação desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliação interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliação de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar nesta unidade detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Actividade de verdadeiro ou falso

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliação que reforce a observación directa por parte docente. Nesta epígrafe englobamos as actividades como a práctica musical convxunta (Orquestra escolar Orff- "Carnavalito"), a danza e o baile de coreografías "Oh Susana" e "Carnavalito", espazos de debate ou foros e propostas interactivas para levar a práctica dentro da aula como é o caso da improvisación. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

A continuación detállanse os materiais que precisaremos para completar as diferentes tarefas propostas dentro esta unidade didáctica.

Orquestra escolar Orff- Práctica musical convxunta da partitura "Carnavalito"

- | | | |
|----------------------|-----------------|-----------------|
| • Frauta doce | • Pandeiro | • Caixa chinesa |
| • Xilófono contralto | • Maracas | |
| • Xilófono baixo | • Temple blocks | |

Unidade didáctica 2- “Cántame un conto, e verás que contento”

Introdución

Na segunda unidade do proxecto, emprederemos unha viaxe a través de distintas disciplinas artísticas como son a literatura e o cine, empregando a música como nexo de unión. Coñeceremos a importancia que ten o son para potenciar e transmitir información a través de diferentes propostas didácticas relacionadas, e

indagaremos en dúas das calidades do son tan importantes como a duración e a intensidade, mediante unha metodoloxía de aprendizaxe lúdica e alternativa baseada en contribucións de autor.

Obxectivos didácticos

- Recoñecer a importancia do son e a música como elementos que potencian a transmisión de información en diferentes soportes (visual e auditivo).
- Relacionar estímulos sonoros determinados cunha función concreta no desenvolvemento dunha historia (narración literaria ou secuencia de imaxes).
- Empregar obxectos sonoros do contexto próximo e a dotación instrumental de aula para crear unha ambientación sonora que acompañe un relato.
- Crear un conto sonoro curto a partir dunha cabeceira común, e realizar unha demostración de carácter práctico.
- Comprender a importancia da música no cine mediante a posta en valor das bandas sonoras.
- Musicalizar unha curtometraxe (audio suprimido) facendo uso dos recursos sonoros que se consideren oportunos.
- Realizar unha aproximación aos diferentes tipos de compases binarios (2/4, 3/4 e 4/4) empregando a intensidade como elemento que diferencia os pulsos fortes dos débiles e comprender así a súa distribución en cada caso. Coñecer diferentes xéneros musicais e analizar os seus compases mediante ditados de intensidade "cardiogramas musicais".
- Realizar ditados de duración "código morse" como aproximación a notación non convencional, e relacionar os resultados obtidos coas figuras propias da linguaxe musical e os seus valores establecidos.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagógicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un componente lúdico de aprendizaxe.

Nesta unidade podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Ditados de duración** (presentado coma código morse) e ditados de intensidade (presentado coma cardiograma musical): E. Willems (1890-1978)
- **Contos sonoros e relatos musicados:** M. Martenot (1898-1980)
- **Orquestra escolar Orff;** dotación instrumental de aula. C. Orff (1895-1982)

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacóns de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución de espazos...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical (convencional e non convencional). De forma precisa potenciarase a creación literaria coa elaboración dun conto sonoro.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo e na práctica musical.
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. A improvisación sonora (neste caso relativa a ambientación musical de relatos literarios e curtametraxes) é un recurso especialmente salientable neste epígrafe.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a través do coñecemento dun repertorio amplo de bandas sonoras de películas e a aproximación a obras de épocas variadas

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliacián interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Preguntas de verdadeiro ou falso
- Vídeos interactivos (precisan dunha resposta activa do alumnado para regular o avance polas diferentes secuencias)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

Para levar a cabo as diferentes propostas didácticas desta unidade precisaremos: lapis, caderno ou folios, dotación instrumental de aula (orquestra escolar Orff) e un dispositivo con conexión a internet para facer as actividades complementarias que requiran de conexión a rede.

Unidade didáctica 3- “Mans a obra”

Introdución

A terceira unidade do proxecto, plantéxase como ferramenta para potenciar a relación entre a expresividade corporal e a música. A través de diferentes metodoloxías centrarémonos no emprego da linguaxe xestual e estableceremos diversos códigos simbólicos para transmitir información soamente coas nosas mans. Recálcase a importancia que ten a figura do/a director/a, e relaciónnase cos coñecementos xa adquiridos en unidades anteriores (calidades do son, notas da escala, familias de instrumentos...) procurando unha aprendizaxe en espiral que reforce a curva da memoria.

Obxectivos didácticos

- Recoñecer o potencial do noso propio corpo como elemento comunicativo mediante a expresión corporal.
- Iniciar ao alumnado na práctica da fononimia (Z. Kodaly) e asociar cada unha das notas que compoñen a escala musical a un determinado xesto.
- Coñecer a figura do director de orquestra, e experimentar de maneira práctica os elementos básicos do seu traballo.
- Introducir o concepto de polifonía empregando a fononimia, e descubrir por aprendizaxe guiada a combinación de sons en consonancia e disonancia.
- Realizar xogos relacionados coa temática da unidade para reforzar conceptos e como compoñente lúdico.
- Desenrolar un sentimento de pertenza a un colectivo mediante a práctica grupal empregando a orquestra escolar Orff, a distribución de roles de traballo e o coñecemento das diferentes seccións instrumentais que presenta a agrupación.
- Empregar a técnica do Soundpainting (W. Thompson) con adaptacións para complementar a linguaxe simbólica baseada nos xestos.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagógicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Fononimia:** Z. Kodaly (1882-1967). Metodoloxía adaptada ao código de xestos que se emprega na unidade para simbolizar as notas da escala musical.
- **Soundpainting:** Walter Thompson (1952 -). Acheamento teórico-práctico sobre a figura do/a director/a, empregando a linguaxe corporal para dar indicacións relativas a producción do son.
- **Orquestra escolar Orff:** (1895-1982). Emprego da dotación instrumental de aula e división en seccións instrumentais concretas.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacóns de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical (convencional e non convencional).
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo e na práctica musical.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. A improvisación (neste caso baixo a técnica do Soundpainting) é un recurso especialmente salientable neste epígrafe.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de obras de orixe popular.
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliacián interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabias que?"

Recursos materiais

Para levar a cabo esta unidade didáctica non precisaremos ningún recurso especial; soamente a dotación instrumental de aula.

Unidade didáctica 4- “Si-la-BAND-do”

Introdución

A cuarta unidade do proxecto deseñouse coa finalidade de aproximar a linguaxe musical e a nosa fala, tanto na súa vertente oral como na escrita. A través de diferentes metodoloxías didácticas iníciase ao alumnado de maneira alternativa na aprendizaxe das figuras musicais, convencionais ou non convencionais, na lectura e escritura musical e tamén nun percorrido práctico que ten como eixo temático a improvisación empregando un repertorio variado de xéneros como o hip-hop, a súa cultura urbana e mesmo música popular galega como é a regueifa.

Obxectivos didácticos

- Coñecer o compás de 4/4 (catro tempos), e a súa distribución de pulsos e acentos.
- Empregar a linguaxe musical para a creación de esquemas rítmicos neste compás, mediante o uso das figuras de redonda, branca, negra, corchea, semicorchea xunto cos seus respectivos silencios.

- Realizar actividades de percusión corporal con pictogramas, baseados en estructuras rítmicas sínxelas.
- Comprender a importancia da relación entre a linguaxe escrita e a música na composición de cancións, no senso da coincidencia das sílabas e golpes de voz das palabras cos acentos propios dos esquemas rítmicos.
- Realizar unha aproximación ao nacemento do hip-hop, a súas contextualización como cultura urbana e os seus orixes como regueira no eido da música popular galega.
- Improvisar de maneira lúdica, empregando o noso propio corpo ou voz como instrumento expresivo, a través de dinámicas lúdicas baseadas no esquema musical de pregunta-resposta.
- Reflexionar sobre a importancia do silencio na música, coñecer as figuras que o representan na linguaxe musical e debatir sobre cuestiós relativas ao denominado "silencio absoluto".

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Sílabas rítmicas**- Zoltan Kodaly (1882-1967). Nesta unidade emprégase cando falamos dos "alcumes" das figuras musicais, atribuíndolle sílabas concretas a cada unha das figuras rítmicas que traballamos para potenciar o seu aprendizaxe significativo.
- **Prosodia rítmica**- Carl Orff (1895-1982). Metodoloxía que consiste en asociar palabras diversas as distintas figuras musicais en función da coincidencia do seu número de sílabas e a distribución de acentos. É un recurso especialmente empregado na composición de textos para improvisar.
- **Euritmia**- Jaques Dalcroze (1865- 1950). Técnica de aprendizaxe baseada no movemento corporal para a asimilación de elementos musicais. Ponse de manifesto nesta unidade a través da práctica de esquemas rítmicos asociados a percusión corporal e desprazamentos.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacóns de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel. O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a

formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adepucar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; como a composición de textos para cantar con acompañamento, a improvisación vocal e o manexo de conceptos relacionados como o silabeo ou a acentuación.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo e na práctica musical.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. A improvisación (vocal ou corporal) é un recurso especialmente salientábel neste epígrafe.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de obras de orixe diverso, a contextualización histórica do xénero hip-hop, e a importancia de coñecer a orixe deste tipo de música na nosa contorna próxima como é o caso da regueifa.
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaránse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Preguntas de verdadeiro ou falso
- Vídeos interactivos (precisan dunha resposta activa do alumnado para regular o avance polas diferentes secuencias)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

Para levar a cabo esta unidade didáctica non precisaremos ningún recurso especial; soamente un equipo de son para reproducir os archivos de audio e un papel para compoñer as diferentes estructuras rítmicas e facer anotacións.

Unidade didáctica 5- “O corpo como instrumento”

Introdución

Esta unidade didáctica, a número cinco do proxecto "Mesma música; distinto son", está deseñada coa finalidade de potenciar o recoñecemento do noso propio corpo como instrumento, a través dunha metodoloxía de aprendizaxe lúdica que permita ao alumnado afianzar conceptos relacionados coa estrutura musical (musicograma), a linguaxe musical e as súas figuras (ritmograma), xunto coa aproximación dun repertorio de obras de estilos e culturas diversas. Neste senso, proporase para o baile unha danza popular coñecida como "Danza dos Sete Saltos" (Dinamarca). No plano organolóxico, afondaremos no coñecemento de instrumentos como a "harmónica de cristal" (interpretada na obra "Le carnaval des animaux" de Camille Saint-Saëns), que tomaremos como punto de partida para construír o noso propio cotidiáfono: o "xilófono de cristal".

Obxectivos didácticos

- Recoñecer a importancia do noso propio corpo como instrumento musical e descubrir todo o seu potencial.

- Afondar no coñecemento da estrutura musical e identificar as seccións que compoñen unha obra de estrutura binaria reexpositiva (A-B).
- Iniciarse na elaboración de musicogramas como técnica non convencional para representar o esquema formal na audición dunha peza musical.
- Construír un cotidiáfono (obxectos sonoros) empregando material de uso cotiá.
- Practicar esquemas rítmicos sinxelos por imitación empregando a percusión corporal nun esquema de pregunta - resposta.
- Ampliar o repertorio de música clásica coñecido: "Le carnaval des animaux" de Camille Saint-Saëns.
- Practicar o baile dirixido a través de música de orixe popular como a "Danza dos Sete Saltos" (Dinamarca).
- Reforzar o uso da linguaxe musical e o coñecemento das figuras e os seus valores.
- Participar de maneira activa na audición e realización de actividades que impliquen movemento corporal, tanto a nivel individual como en grupo.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un componente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade (detallada en cada caso a súa localización ao final) podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Construcción dun cotidiáfono** (obxectos sonoros)- M. Schafer (1933- 2021). // "Xilófono de cristal"
- **Metodoloxía Danzas do Mundo**- C. Orff (1895-1982). // "Danza dos Sete Saltos"
- **Eurritmia**- Jaques Dalcroze (1865- 1950). // "Percusión Corporal" (vídeo interactivo)
- **Musicograma** (Audición Musical Activa)- Jos Wuytak (1935 -). // "Musicograma" (Danza dos sete saltos) e "L'aquari" (Camille Saint-Saëns).
- **Ritmograma**- Violeta Hemsy de Gainza (1929 -). // "Repasamos o aprendido"

ORIENTACIÓNES METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacóns de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel. O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en

función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; como a interpretación de ritmogramas baseados na prosodia rítmica.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. Un exemplo claro neste senso sería a construción do "xilófono de cristal" empregando materias propios da vida cotiá.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo durante a práctica musical convxunta, e as actividades que implican movemento e danza.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. A improvisación (vocal ou corporal) é un recurso especialmente salientábel neste epígrafe.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de obras de orixe diverso, popular e académico, a contextualización histórica de cada unha delas xunto coa súa instrumentación (harmónica de cristal).
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaránse instrumentos de avaliação de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a emplegar detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Preguntas de verdadeiro ou falso
- Vídeos interactivos (precisan dunha resposta activa do alumnado para regular o avance polas diferentes secuencias)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

Para levar a cabo esta unidade didáctica precisaremos os seguintes materiais:

- Folios e material de debuxo (lapis ou ceras de cores).
- Vasos, copas e colorante ou témporas.
- Unha pizarra dixital interactiva (PDI) ou equipo informático con programas de debuxo libre (no caso de afrontar as tarefas de maneira dixital).
- Cadeira con pala ou pupitre.

Unidade didáctica 6- “Expresión corporal”

Introdución

A unidade didáctica número seis do proxecto "Mesma música; distinto son", está deseñada coa finalidade de potenciar no alumnado a expresión corporal en tódolos ámbitos, empregando para logralo recursos didácticos que alternan a dramatización, a imitación, a representación corporal e danza. Preténdese por ende reforzar o autocoñecemento do noso propio corpo a través da linguaxe corporal en actividades colaborativas que apostan polo movemento e a participación activa cun claro compoñente lúdico.

Obxectivos didácticos

- Recoñecer a importancia do noso corpo como instrumento para expresarnos a través de multitud de canles de comunicación.

- Establecer unha relación entre os estímulos sonoros (acompañamento musical) e a linguaxe corporal axeitada a cada situación.
- Reforzar o sentimento de pertenza a un colectivo e a empatía mediante actividades de traballo colaborativo.
- Coñecer bailes e cancións lúdicas como base para potenciar un desenvolvemento motriz efectivo no alumnado no tempo de lecer.
- Ampliar coñecementos relacionados con contidos como a producción sonora (frecuencia de vibración, altura) e instrumentos de medida (hertzios, diapasón e afinador dixital).
- Traballar conceptos relacionados coa altura como calidade do son empregando ferramentas dixitais modernas "marionetas dixitais".
- Repasar as figuras propias da linguaxe musical convencional (semicorchea, corchea e negra) relacionándoas coa prosodia rítmica de determinadas cancións.
- Comprender a posición das notas musicais na escala en función da súa frecuencia de vibración sonora.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade (detallada en cada caso a súa localización ao final) podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Cancións mimábeis** - Jos Wuytak (1935 -). // "Café con leite, café" (Mesturando Vogais) e "Danza da familia Sapo" (Brincando nun nenúfar).
- **Expresión corporal**- Varios autores (C. Orff (1895-1982); Violeta Hemsy de Gainza (1929 -); Jaques Dalcroze (1865- 1950). // "Movemos os fíos" (Marionetas) e o "Xogo do espello" (Cambiamos o conto).

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel. O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura

de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; a interpretación de cancións con variacións na súa letra ou o coñecemento dun vocabulario técnico axeitado para referirse a conceptos relacionados co contido desta unidade.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. Desta maneira, as danzas e cancións que compoñen a parte práctica da unidade poden ser realizadas polo alumnado en contextos diversos como propostas lúdicas do tempo de lecer, favorecendo a aprendizaxe significativa.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo durante a práctica musical conxunta, e as actividades que implican movemento e danza. Cómpre salientar neste epígrafe a empatía cos demás e o reforzo do autoconcepto potenciados a través de actividades como o "xogo do espello" ou as "marionetas".
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. A improvisación (vocal ou corporal) é un recurso especialmente salientábel neste epígrafe, tratado nas propostas didácticas con carácter práctico relacionadas coa expresión corporal.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de danzas e obras de orixe diverso, necesarias para acompañar as actividades. Tamén reforzada mediante a ampliación do coñecemento relativo a contidos da unidade (historia das marionetas, composición das ondas sonoras, aparellos de afinación...)
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade, como é o caso das "marionetas dixitais" que emprega a ferramenta do *oscilator* aloxada no repositorio do Laboratorio Musical de Google.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliacián interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar nesta unidade detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

Para levar a cabo esta unidade didáctica precisaremos os seguintes materiais:

- Ordenador ou dispositivo dixital interactivo que permita a edición e reproducción de audio e vídeo.
- Espazo de traballo amplio con liberdade de movemento.

Unidade didáctica 7- “Son por un tubo”

Introdución

A unidade didáctica número sete do proxecto "Mesma música; distinto son", deseñouse coa intención de reforzar a simbiose entre dúas disciplinas relacionadas de forma directa: as matemáticas como ciencia exacta e a música como disciplina artística. Relacionaranse conceptos pertencentes ós dous ámbitos de coñecemento pero que interactúan notablemente como o tamaño e rexistro dos instrumentos (altura como calidade do son), os materiais e a sonoridade (timbre como calidade do son) e a importancia das ondas sonoras. Desta maneira realizaremos unha viaxe guiada polas diferentes familias de instrumentos e a súa clasificación organolóxica, coñeceremos instrumentos ata agora descoñecidos como os tubos sonoros, e

deterémonos a facer práctica musical conxunta coa canción "Durmido está o león" antes de construír o noso propio instrumento.

Obxectivos didácticos

- Comprender a relación entre as matemáticas e a música de forma interdisciplinar, a través de conceptos que interactúan como o tamaño, a forma e o rexistro dos instrumentos, ademais do tipo de material de fabricación e a súa influencia no timbre como calidade do son.
- Clasificar diferentes instrumentos en función do seu rexistro en instrumentos agudos ou graves (altura como calidade do son).
- Realizar unha aclaración conceptual entre o volume (relativo ao tamaño dos obxectos) e o volume (como potencia sonora); aproximación á relación entre estas dúas variábeis.
- Coñecer os tubos sonoros (boomwhackers) como instrumento de percusión de altura determinada, incluír a súa presenza na orquestra escolar Orff e profundizar sobre a súa forma de producción sonora relacionando a súa lonxitude co seu rexistro.
- Empregar a técnica dos sonocolores (S. Aschero) para establecer unha relación entre os tubos sonoros e as notas da escala musical convencional empregando pictogramas.
- Agrupar os principais instrumentos musicais en familias en función da súa producción sonora e clasificar os diferentes membros de cada familia dependendo do seu rexistro.
- Realizar práctica musical conxunta empregando a orquestra escolar Orff coa obra "Durmido está o león"; orixinal "Mbube" (Salomon Linda- 1939).
- Interpretar unha partitura mediante a lectura directa da linguaxe musical, asumindo unha distribución de roles efectiva dentro do conxunto orquestral.
- Construir un cotidiáfono, o kazoo, empregando materiais de refugallo e coñecer o seu funcionamento e historia.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade (detallada en cada caso a súa localización ao final) podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Cotidiáfono** - Varios autores: Jos Wuytak (1935 -), C. Orff (1895-1982), E. Willems (1890-1978), M. Schafer (1933-2021). // "Arts and Crafts" (Cotidiáfono)
- **Sonocolores**- S. Aschero (1945 -). // "Pictograma tubos sonoros" (O rei da selva)

- **Orquestra escolar Orff-** (C. Orff (1895-1982) // "Durmido está o león" (O rei da selva)

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL):** estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; a interpretación de cancións ou o coñecemento dun vocabulario técnico axeitado para referirse a conceptos relacionados co contido desta unidade.
- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula dende unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. Desta maneira, a confección de instrumentos propios (cotidiáfonos) e as cancións que compoñen a parte práctica da unidade poden ser realizadas polo alumnado en contextos diversos como propostas lúdicas do tempo de lecer, favorecendo ó aprendizaxe significativo.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo durante a práctica musical conxunta, e as actividades que implican relación entre iguais como os espazos de debate ou as dinámicas interactivas.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de obras de orixe diverso, necesarias para acompañar as actividades. Tamén reforzada mediante a ampliación do coñecemento relativo a contidos da unidade (familias de instrumentos, relación entre as matemáticas e a música, contextualización sobre as cancións traballadas, e aproximación á historia e funcionamento de instrumentos como o kazoo ou os tubos sonoros)
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar nesta unidade detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñandas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Nesta epígrafe englobamos as actividades como a práctica musical convxunta (Orquestra escolar Orff- "Durmido está o león"), a elaboración de instrumentos con materiais de refugallo (Cotidiáfono), espazos de debate ou foros (Boomwhackers) e propostas interactivas para levar a práctica dentro da aula (Quen anda aí?). Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

A continuación detállanse os materiais que precisaremos para completar as diferentes tarefas propostas dentro esta unidade didáctica.

Orquestra escolar Orff- Práctica musical convxunta da partitura "Durmido está o león"

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Frauta doce • Tubos sonoros (ou xilófono contralto no seu defecto) • Xilófono baixo | <ul style="list-style-type: none"> • Axóuxeres • Maracas • Temple blocks (ou caixa chinesa) |
|---|--|

Cotidiáfono- Elaboración dun kazoo empregando materiais de refugallo "Arts and Crafts"

- Tubo de cartón (preferiblemente longo, do estilo de papel de cociña)
- Cinta adhesiva fina
- Pegamento (o ideal é o pegamento de barra)
- Papeis ou cartulinas de cores
- Tesouras
- Perforadora
- Lápis e pinturas de cores
- Cordel (opcional)

Unidade didáctica 8- “Unha de piratas”

Introdución

A presente unidade didáctica, a número oito do proxecto "Mesma música; distinto son", emprega a piratería como eixe temático nunha aventura guiada, na que participaremos na procura dun tesouro agochado co conto motriz do "Pirata Dandoanota", afondaremos no coñecemento do aparello respiratorio construíndo unha "frauta salgada", aprenderemos a canción e o baile pirata empregando pictogramas e confeccionaremos a nosa propia bandeira. Deste xeito afrontaremos propostas didácticas relacionadas cos tres bloques de contidos (BLOQUE 1; ESCOITA / BLOQUE 2; INTERPRETACIÓN MUSICAL / BLOQUE 3; MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA) nunha mesma unidade con carácter globalizador.

Obxectivos didácticos

- Reforzar o autocoñecemento do corpo e a súa motricidade, a nivel segmentario e global, a través dun conto motriz baseado na técnica de relaxación progresiva de Jacobson (series guiadas de contracción e descontracción muscular).
- Comprender o funcionamento do aparello respiratorio e as súas fases (inspiración-expiración), afondar nos elemento que componen o proceso e realizar secuencias de respiración guiadas para percibir a súa importancia no ámbito musical.
- Practicar a dixitación na frauta doce de maneira non convencional, alternando ciclos de respiración e dinámicas de control da columna de presión de aire.
- Coñecer o funcionamento e partes da frauta doce, realizando actividades de modificación supervisadas mesmas.
- Empregar os pictogramas como iniciación á lectura da linguaxe musical non convencional combinada nunha partitura.
- Aprender a canción "Danza Pirata" para a súa interpretación coa frauta doce e a percusión corporal.

- Interpretar unha danza de estrutura reexpositiva (carácter sumativo das partes novas) con tendencia á improvisación corporal.
- Empregar a técnica dos sonocolores para facilitar a lectura directa dunha partitura musical.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade (detallada en cada caso a súa localización ao final) podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Método Jacobson** (relaxación muscular progresiva)- E. Jacobson (1888-1983) // "O Pirata Dandoanota"
- **Sonocolores**- S. Aschero (1945 -) // "Bandeira pirata"
- **Pictogramas** (musicogramas)- Jos Wuytak (1935 -) // "Danza Pirata"
- **Orquestra escolar Orff**- C. Orff (1895-1982) // "Danza Pirata"

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacíons de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel. O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL)**: estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; a realización dun conto motriz, a interpretación de cancións e danzas ou o coñecemento dun vocabulario técnico axeitado para referirse a conceptos relacionados co contido desta unidade.

- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula dende unha perspectiva más ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. Desta maneira, o conto motriz, a canción e a danza que compoñen a parte práctica da unidade poden ser realizadas polo alumnado en contextos diversos como propostas lúdicas do tempo de lecer, favorecendo unha aprendizaxe significativa. De maneira específica, o conto con movemento asociado do "Pirata Dandoanota" potencia a relaxación e o autocoñecemento persoal, establecendo unha dinámica de control e predisposición ao clima de traballo a nivel individual e colectivo.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de equipo durante a práctica musical conxunta.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. Cómprase destacar a importancia da improvisación (como recurso na danza) para potenciar a iniciativa e a participación activa no alumnado.
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade.

Avaliación

O procedemento de avaliação desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma.

Debido ao carácter práctico desta disciplina artística, as tarefas propostas son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómprase aplicar un sistema de avaliação que reforce a observación directa por parte docente. Nesta epígrafe englobamos actividades como a práctica musical conxunta (movemento e danza), a modificación guiada de instrumentos escolares Orff (frauta doce), a realización dun conto motriz (método Jacobson) ou propostas para controlar o aparello respiratorio. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

A continuación detállanse os materiais que precisaremos para completar as diferentes tarefas propostas dentro esta unidade didáctica.

Con carácter xeral: equipo de son, proxector ou pizarra dixital interactiva (PDI) e conexión á rede.

En tarefas determinadas:

- | | | |
|--------------------------|-------------------|-------------------|
| • Frauta doce | • Cinta adhesiva | • Globo |
| "Frauta salgada" | | |
| • Frauta doce | • Gomets de cores | • Rotulador negro |
| "Bandeira pirata" | | |

Unidade didáctica 9- "Sóame a chino"

Introdución

A novena unidade didáctica do proxecto "Mesma música; distinto son", deseñouse coa finalidade de levar a cabo unha aproximación efectiva do alumnado cara outras sonoridades e realidades musicais en tódolos sentidos. Mediante unha víaxe guiada como eixe vertebrador do proxecto, descubriremos outra forma de ordenar a música como é a escala pentatónica, realizaremos un achegamento sobre as diferentes culturas (orientais e occidentais) que fan uso dela ao tempo que coñecemos as súas culturas, danzas e instrumentos musicais. Deterémonos en lugares tan afastados como a China, EEUU ou mesmo Arxentina, e comprobaremos que a pesar de situarse tan lonxe no mapa, podemos viaxar a visitalos traballando coa súa música sen necesidade de coller un avión.

Obxectivos didácticos

- Comprender a importancia do folclore musical como patrimonio cultural e a súa representación nas diferentes conmemoracións propias de cada unha das sociedades traballadas.
- Contextualizar o fenómeno musical nunha cultura concreta, e entender a repercusión da sociedade nesta disciplina artística (fabricación de instrumentos, tipo de música para as celebracións, danza, etc).
- Coñecer a escala pentatónica e a súa sonoridade, xunto coas notas que a forman e a súa utilidade como recurso para a improvisación musical.
- Identificar a relación xerárquica que manteñen as notas da escala e diferenciar a distancia (en tonos ou semitonos) que presentan.
- Coñecer instrumentos musicais propios doutras culturas como son o banxo (EEUU), a frauta de pan ou o erke (Arxentina).
- Bailar unha serie de pezas pertencentes a colección de Danzas do Mundo; "O Susana" (EEUU) e "Carnavalito" (Arxentina).

- Interpretar empregando a orquestra escolar Orff as partituras adaptadas destas danzas e realizar unha contextualización histórica de cada unha delas.

Metodoloxía

Aplicarase unha metodoloxía de autor específica por ámbitos, de forma que se recollen métodos didácticos pertencentes a correntes pedagóxicas distintas implementadas en función das necesidades específicas do proxecto. Estas aportacións metodolóxicas citadas son deseñadas e modificadas no eido de atribuirlle un compoñente lúdico de aprendizaxe, e adaptarse a cada realidade educativa. Nesta unidade (detallada en cada caso a súa localización ao final) podemos destacar as seguintes contribucións de autor:

- **Danzas do Mundo** - Varios autores: Jos Wuytak (1935 -) e C. Orff (1895-1982) // "Oh Susana" (EEUU) e "Carnavalito" (Arxentina)
- **Sonocolores**- S. Aschero (1945 -). // "Oh Susana" (partitura con pictogramas para acompañamiento de tubos sonoros)
- **Orquestra escolar Orff**- (C. Orff (1895-1982) // "Carnavalito" (partitura adaptada para instrumentos escolares)

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel. O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptíbel de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, coñecementos previos do alumnado...)

Competencias clave

- **Comunicación lingüística (CCL)**: estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións). De forma concreta en tódalas actividades que potencian o uso da linguaxe en relación coa música; a interpretación de cancións ou o

coñecemento dun vocabulario técnico axeitado para referirse a conceptos relacionados co contido desta unidade.

- **Aprende a aprender (CAA):** mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula dende unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. Desta maneira, o coñecemento de danzas populares e as cancións que compoñen a parte práctica da unidade poden ser realizadas polo alumnado en contextos diversos como propostas lúdicas do tempo de lecer, favorecendo ó aprendizaxe significativo.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacóns de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas, o traballo cooperativo e a aceptación e distribución dos roles de traballo en equipo durante a práctica musical convxunta, e as actividades que implican relación entre iguais como os espazos de debate ou as dinámicas interactivas.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** amósase tanto na práctica musical individual como colectiva, a través dunha predisposición por parte do alumnado para realizar as actividades. Nesta epígrafe destacar a improvisación empregando a escala pentatónica como recurso creativo.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** presente na inclusión no repertorio traballado de obras de orixe cultural diverso, coa súa correspondente contextualización didáctica. Tamén reforzada mediante a ampliación do coñecemento relativo a contidos da unidade (instrumentos folclóricos, danzas típicas e demais elementos representativos).
- **Competencia dixital (CD):** adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades plantexadas nesta unidade. No caso da improvisación, o recurso é o creador de melodías do Laboratorio musical de Google.

Avaliación

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaránse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar nesta unidade detállanse a continuación:

- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Actividade de verdadeiro ou falso

Así mesmo, algunas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñandas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Nesta epígrafe englobamos as actividades como a práctica musical convxunta (Orquestra escolar Orff- "Carnavalito"), a danza e o baile de coreografías

"Oh Susana" e "Carnavalito", espazos de debate ou foros e propostas interactivas para levar a práctica dentro da aula como é o caso da improvisación. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "Sabías que?"

Recursos materiais

A continuación detállanse os materiais que precisaremos para completar as diferentes tarefas propostas dentro esta unidade didáctica.

Orquestra escolar Orff- Práctica musical convxunta da partitura "Carnavalito"

- Frauta doce
- Xilófono contralto
- Temple blocks
- Xilófono baixo
- Pandeiro
- Caixa chinesa
- Maracas